

ANTONIO VIVALDI



Naceu en Venecia (Italia) en 1678 e morreu aos 63 anos en Viena (Austria)

Era coñecido como “ **Il prete rosso**” (o cura roxo) pola cor do seu pelo e porque era cura.

Tamén era **violinista** e foi profesor de música nun colexio de nenos orfos.

O que máis lle gustaba era compoñer e tocar o violín. Vivaldi compuxo máis de 600 obras.



“**As catro estacións**” é o título dunha das súas obras máis coñecidas.

Esta obra estaba formada por catro concertos para **violín e orquestra**, un para cada estación. Nesta obra, Vivaldi buscaba imitar os sons da natureza cos instrumentos de corda: **violín, viola, violonchelo e contrabaixo**.

Canto sabes sobre Antonio Vivaldi?

1. Onde naceu Vivaldi?

2.- Por que lle chamaban “**I**l prete rosso”?

3.-Que instrumentos tocaba?

4. Que era o que máis lle gustaba a Vivaldi?

5. Cantas obras musicais compuxo?

6. Cal é a obra máis coñecida?

7. Que instrumentos aparecen nesta obra?

8. Que quería imitar con eses instrumentos?

9. Marca os recadros correctos. Vivaldi era?

pianista

compositor

profe de matemáticas

cura

director

profe de música

violinista

